



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE TURISMO

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, en relación co *proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo*, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Constitución española establece no seu artigo 148.1.18º que as comunidades autónomas poderán asumir competencias de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial, e o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón no seu artigo 27.21 que corresponde á Comunidade Autónoma galega esa competencia exclusiva. Pola súa banda, o artigo 37.2 do Estatuto determina que lle corresponde á Xunta de Galicia a potestade regulamentaria nas materias da súa competencia exclusiva.

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, estipula no artigo 1 que esta consellería é o departamento da Xunta de Galicia competente para o impulso, coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo. Pola súa banda, no artigo 2.2.b) adscribíse orgánica e funcionalmente a esta consellería a Axencia de Turismo de Galicia, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia.

O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos dispón no seu artigo 1 que, en virtude da autorización contida na disposición adicional 4ª da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, créase a Axencia Turismo de Galicia, como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de turismo, que terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Consonte ao disposto no artigo 9.b) dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, é competencia desta axencia “*A elaboración e proposta da normativa nas materias da súa competencia.*” Neste senso, o artigo 19.4.ñ) establece que corresponde á persoa titular da Dirección da axencia “*elaborar as propostas de normativa turística e desenvolvemento regulamentario no eido das súas competencias.*”

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, enumera no seu artigo 55.1 os tipos de establecementos de aloxamento turístico, entre os que se atopan os campamentos de turismo (apartado c). O artigo 66 da Lei define os campamentos de turismo e dispón que a dotación de instalación e servizos estableceranse regulamentariamente.

2. Necesidade e oportunidade

Este decreto ten por obxecto establecer unha regulación do aloxamento temporal na modalidade de campamentos de turismo ou cámpings, e pretende abordar a regulación dos campamentos de turismo que supoña un desenvolvemento regulamentario de novas categorías, atendendo a nova redacción do artigo 66.3 da Lei 7/2011, do 27 de outubro. Ademais, aprovéitase para mellorar





aqueles aspectos do Decreto 144/2013, do 5 de setembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia —que ven a substituír—, necesitados de revisión para a súa aplicación.

3. Estrutura e contido do proxecto

O presente decreto consta dunha parte expositiva, seis capítulos con trinta e sete artigos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais, co seguinte contido:

- O Capítulo I recolle as disposicións xerais, que regulan o obxecto, o ámbito de aplicación do decreto, o concepto de campamento e os distintivos.
- O Capítulo II establece os requisitos xerais, de instalacións, equipamentos e servizos que, con independencia da súa categoría, deben cumprir todos os campamentos de turismo.
- O capítulo III regula o réxime de autorización dos campamentos de turismo.
- O capítulo IV ocúpase do funcionamento dos campamentos de turismo.
- O capítulo V dispón a clasificación dos campamentos en cinco categorías por estrelas, e as especialidades: campamentos de turismo verde, campamentos de turismo temático e campamentos para caravanas e autocaravanas.
- O capítulo VI ocúpase do réxime sancionador.
- As disposicións adicionais primeira, segunda e terceira refírense, respectivamente, ao tratamento dos datos de carácter persoal por parte da Axencia, á modificación dos formularios co fin de mantelos actualizados de conformidade coa normativa vixente, e aos modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa a disposición das persoas interesadas.
- As disposicións transitorias establecen a posibilidade de que os campamentos autorizados á entrada en vigor deste decreto poidan continuar funcionando sen adaptarse a el, agás no relativo á seguridade. Con todo, establécese que dentro do prazo de cinco anos deberán axustarse ás categorías establecidas no decreto, contemplando a posibilidade de pedir dispensa daquelas condicións que resulten de imposible cumprimento.
- A disposición derogatoria derroga o Decreto 144/2013, do 5 de setembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia, así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao novo decreto.
- As disposicións finais primeira e segunda habilitan á persoa titular da consellería para o desenvolvemento das disposicións contidas no decreto e regulan a súa entrada en vigor, respectivamente.

4. Tramitación

A Lei 16/2010 regula no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 recolle a fase inicial e sinala que a elaboración das anteditas disposicións será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellería na que aquel estea encadrado. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado pola Axencia Turismo de Galicia, co acordo do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de inicio do procedemento, por ser este o





competente no seu momento. Ademais deste acordo, a documentación aportada nesta fase é a seguinte:

- Certificado da directora da Área de Modernización das Administracións Públicas da Amtega, da consulta pública previa
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Informe do Servizo de Apoio Técnico.
- Táboa de vixencias.
- Resolución de aprobación inicial como proxecto de decreto.

Logo de finalizar a fase inicial do procedemento mediante a aprobación do texto como proxecto de decreto polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010. Así, na tramitación do proxecto recabáronse os informes da Secretaría Xeral de Igualdade, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e do Consello de Turismo de Galicia, que foron emitidos en sentido favorable, con algunhas observacións por parte da Secretaría Xeral de Igualdade que foron incorporadas ao texto.

Conforme ao disposto no artigo 43.1 da Lei 16/2010, a Asesoría Xurídica da Consellería emitíu o 17 de xullo de 2019 o seu informe favorable, con varias observacións sobre técnica normativa.

Segundo o artigo 43.2 da Lei 16/2010, deberá emitir o seu dictame o Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, dado que o proxecto en tramitación desenvolve, como quedou dito, unha lei autonómica: a citada Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Por todo o exposto, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, INFORMO favorablemente o *proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo*, ao consideralo que se axusta á legalidade vixente, para a súa aprobación definitiva polo conselleiro de Cultura e Turismo.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo

Manuel Vila López

(asinado electronicamente)

